

## *Bendícenos, Señor.*

**Hoxe** presentámonos diante túa, Señor, como fixeron María e Xosé con Xesús. Ti déchesnos a vida e nós vimos ofrecerche a nosa vida e a consagrarche todo os nosos ser, noso pensar, obras e proxectos.

**Queremos facer todo no teu nome** de modo que ti ocupes un posto importante nas nosas vidas e camiños connosco.

**Consagrámosche os nenos** para que os bendigas e protexas, os anciáns para que lles deas a túa esperanza e a túa paz. Que como Simeón e Ana descubran o paso salvador de Deus nas súas vidas na debilidade dos anos.

**Recordamos tamén os relixiosos,** que deixándoo todo por ti e polo Evanxeo, seguíronte dando testemuño de entrega ao Reino.

**Sé ti a luz que alume** ás nacións e que nos guía no medio de tantas escuridades.

**María, intercede por nós,** para que a nosa vida sexa só para Deus.

dia de

la paz

La paz se hace cada día,  
en cada momento.  
¿La sabemos ver?  
Ayúdanos a saber mirar,  
a saber escuchar.  
Señor, haznos descubrir  
los pequeños signos de paz.  
Señor, haznos portadores de Paz.



**Evanxeo**  
**2-febreiro-2020**  
**4º-ORDINARIO-A**



**Festa das Candeas:**  
**Presentámosche a VIDA que nos dás.**

# Ordinario-4

- **MALAQÚAS 3, 1-4:** *Chegará ao seu santuario o Señor a quen vós andades buscando.*

Isto di o Señor Deus: «Vou enviar o meu mensaxeiro para que prepare o camiño ante min. De súpeto chegará ao seu santuario o Señor a quen vós andades buscando; e o mensaxeiro da alianza en quen vos alegrades, mirade que está chegando, di o Señor do universo. Quen resistirá o día da súa chegada? Quen se manterá en pé ante a súa mirada? Pois é como lume de fundidor, como lixivia dos que lavan. Sentarase como fundidor que refina a prata; refinará os levitas e acrisolaraos como ouro e prata, e o Señor recibirá ofrenda e oblación xustas. Entón agradecerá ao Señor a ofrenda de Xudá e de Xerusalén, como en tempos pasados, como outrora». *Palabra do Señor.*

- **SAL. 23: R/.** *O Señor, Deus do universo, el és o Rei da gloria.*
- **LUCAS 2, 22-40 (BREVE):** *Os meus ollos viron o teu salvador.*

**Narrador:** Cando se cumpriron os días da purificación, segundo a lei de Moisés, os pais de Xesús levárono a Xerusalén para presentalo ao Señor, de acordo co escrito na lei do Señor: «*Todo varón primoxénito será consagrado ao Señor*», e para entregar a oblación, como di a lei do Señor: «*un par de rulas ou dous pombiños*».

Había entón en Xerusalén un home chamado Simeón, home xusto e piadoso, que agardaba o consolo de Israel; e o Espírito Santo estaba con el. Foille revelado polo Espírito Santo que non vería a morte antes de ver ao Mesías do Señor. Impulsado polo Espírito, foi ao templo. E cando entraban co neno Xesús os seus pais para cumprir con el o acostumado segundo a lei, Simeón tomouno en brazos e bendixo a Deus dicindo:

**Simeón:** «*Agora, Señor, segundo a túa promesa, podes deixar o teu servo irse en paz. Porque os meus ollos viron o teu Salvador, a quen presentaches ante todos os pobos: luz para alumar as nacións e gloria do teu pobo Israel*».

**Narrador:** E, cando cumpriron todo o que prescribía a lei do Señor, volvéronse a Galilea, á súa cidade de Nazaré. O neno, pola súa banda, ía crescendo e robustecéndose, cheo de sabedoría; e a graza de Deus estaba con el.

*Palabra do Señor. (Narrador - Simeón)*



## Festa das Candeas: Presentámosche a VIDA que nos dás.

### 1.Ver: A festa das Candeas.

-Hoxe celébrase en todo o mundo, a festa das candeas ou dos cirios, a festa do encontro entre Deus e a humanidade. Os pais xudeus levaban o neno ao templo e facían unha ofrenda material. Nós, ese día, no templo bendícense as candeas e as persoas que as levan, recordando a Xesús que vén poñer luz no mundo. É o día dos avós, dos relixiosos e relixiosas consagrados a Deus.

*Cóñeces esta festa? Como a celebrades?*

### 2.XULGAR: A vida que Deus nos dá.

-No evanxeo deste domingo da Presentación do Señor, os pais levan o neno Xesús a ofrecerllo a Deus, e dous anciáns, Simeón e Ana, logo de velo din que xa “poden irse, morrer, en paz”..., e recoñéceno como “*luz que alumará as nacións*”.

#### -QUE NOS QUERE DICIR XESÚS?

-A vida é un **AGASALLO** de Deus, que non merecemos.

\*Dámoslle grazas a Deus por ela e ofrecémoslla porque é froito do seu amor.

\*Presentámoslle a vida de todos os nenos e anciáns.

-A vida é un **Ben que hai que COIDAR E PROTEXER**.

\*Aprendamos a coidar de toda vida, vida animal ou vexetal, optemos pola vida.

\*Recoñezamos a dignidade humana, o valor de toda persoa por ser persoa.

\*Protexamos a vida débil de nenos, anciáns, enfermos, non nados.

\*E aproveitemos as posibilidades que nos dá a nosa vida para amar, desenvolver as nosas capacidades, vivila, ser felices e facer felices aos outros.

-**Valoremos a VIDA DIVINA, a graza de Deus:**

\*Xesús quere ser a “luz das nacións”, a luz na escuridade das nosas vidas.

\*Valoremos o tesouro da luz da fe que Deus nos regalou no bautismo e que debemos desenvolver e facer crecer en catequese e nos sacramentos.

**Sénteste chamado por Xesús? Valoras a súa Palabra? Que che pide?**

### 3.ACTUAR: Ofrece a Deus a vida que che dá.

-En moitas parroquias os pais traen os nenos bautizados no último ano e ofrécenos a Xesús e a María. Prepara un mural coas fotos dos nenos ou unha oración de consagración.

-**Prepara a celebración** das Candeas, os cirios, a auga, a procesión... Déixate acompañar por el e que sexa a túa Luz.

-O día 30, xornada da Paz ou o domingo prepara algún xesto de paz.

**Que imos facer?**